


Galicia en cifras. Anuario 2002

COMUNICADO

O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PRESENTA O ANUARIO GALICIA EN CIFRAS 2002

Galicia ven aumentando os seus efectivos de poboación dende o ano 1998, segundo as cifras oficiais de poboación

A revisión padroal amosa un incremento continuado de efectivos dende o ano 1998 e sitúa á poboación galega en 2.737.370 habitantes a 1 de xaneiro do 2002.



Os indicadores demográficos amosan que a idade media á maternidade é de aproximadamente 30 anos e que a esperanza de vida dos galegos se sitúa sobre os 75 anos para os homes e sobre os 83 anos para as mulleres. O índice de envellecemento (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos) no ano 2001 era de 116,3, é dicir, por cada 100 persoas de menos de 20 anos temos 116 persoas maiores de 65.

A taxa de paro no ano 2002 en Galicia é dun 12,2%

Segundo a “Encuesta de poboación activa” no ano 2002 en Galicia o 51,4 % da poboación de 16 e máis anos está clasificada como poboación activa (1.220,5 miles de persoas) e desta o 12,2 % está parada. Por sexos a taxa de paro para os homes é de 8,2 % fronte ó 17,5 % das mulleres. O paro rexistrado nas oficinas de emprego incrementouse no ano 2002 con respecto ó ano 2001 nun 6,4% pasando de 140.457 a 132.038 parados. En canto ós contratos rexistrados en Galicia (688.529) o maior número deles foron por obra ou servizo (268.773) e eventuais por circunstancias da produción (262.835).

A produción de carne de ave en Galicia no ano 2001 acadou a cifra de 145.586 toneladas en canal

Das principais producións gandeiras en Galicia no ano 2001 destaca a carne de ave acadando neste ano unha cantidade de 145.586 toneladas en canal, seguida da carne de porcino (101.096 toneladas en canal) e de bovino (79.060 toneladas en canal). As contas do sector agrario en Galicia no 2000 presentan unha produción final agraria de 1.820.138 miles de € que dá lugar a unha renda agraria de 892.480 miles de euros. En canto á pesca, no ano 2002 desembarcouse en Galicia preto de 134.000 toneladas por un valor de máis de 342 millóns de €.

As enfermidades do aparato circulatorio seguen sendo a causa de morte máis frecuente

Segundo os indicadores de funcionamento dos establecementos sanitarios con réxime de internado, no ano 2000 Galicia contaba con 3,6 camas en funcionamento por mil habitantes o que supón cun grao de ocupación do 80,7%. En Galicia, no ano 2000, as enfermidades que máis mortes causaron foron as relacionadas co aparato circulatorio (10.394 mortes) e os tumores (7.682 mortes). En canto a recursos materiais, o SERGAS no 2002 tiña 502 centros dedicados á atención primaria (centros de saúde, ambulatorios, etc.) e 68 centros de atención especializada (hospitais, centros de especialidades e centros de orientación familiar)..

A matriculación de vehículos en Galicia ven descendendo nos últimos anos


Galicia conta con 583 km de estrada por 1.000 km² de superficie e con 631 km de estrada por 100.000 hab. (fronte ós 324 km estrada/1.000 km² e 398 km de estrada por 100.000 hab. no caso de España).

A matriculación de vehículos en Galicia ven experimentando nos últimos anos un descenso continuado e así no ano 2002 matriculáronse en Galicia 83.418 vehículos, 10.321 vehículos menos que no ano 2001, o que supón unha diminución do 10,92 %. En canto ós accidentes de tráfico cómpre sinalar que o número de accidentes mortais e o número de mortos diminuíu no ano 2002 con respecto ó ano 2001 o 6,6 % e 3,4%, respectivamente.

Galicia contaba en decembro de 2002 cunha capacidade estrutural de 57.981 prazas hoteleiras en hoteis, hostais e casas de turismo rural

En canto ó turismo, Galicia contaba en decembro de 2002 cunha capacidade estrutural de 57.981 prazas hoteleiras en hoteis, hostais e casas de turismo rural, un 2,71% superior a que tiña en decembro do 2001. Ó longo do ano 2002 chegaron a Galicia 3.655.358 persoas (o que supón un crecemento con respecto ó 2001 do 1,4%) que realizaron 6.417.582 pernoitas. A estadía media anual do viaxeiro que se aloxa en establecementos hoteleiros en Galicia no ano 2002 quedou situada en 1,71 días por persoa nos hoteis, en 1,93 días por persoa en hostais e

2,09 días por persoa en casas de turismo rural. Por provincias Pontevedra e A Coruña son as que máis pernoitas rexistran tal e como amosa o seguinte gráfico




No ano 2002 tiñamos 174.503 empresas traballando en territorio galego

Das 174.503 empresas que realizaron actividades en territorio galego, 170.914 teñen a súa sede social en Galicia. En canto á condición xurídica das empresas a persoa física é a que máis abunda (sendo o 65,9 % delas) seguida das sociedades de responsabilidade limitada. A Coruña e Pontevedra son as provincias nas que están situadas máis empresas e así, das empresas situadas en Galicia, o 41,4% están na Coruña, o 33,2 en Pontevedra, o 12,9% en Lugo e o 12,4% en Ourense.

O PIB en Galicia situase no ano 2000 en 33.597 millóns de euros

Das contas económicas de Galicia obtense, para o ano 2000, un PIB de 33.597 millóns de €, o que supón un crecemento do 7,8% con respecto ó ano 1999.



Para máis información:

Galicia en cifras. Anuario 2002

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es